

Administración Local

Municipal

A Pobra do Caramiñal

Aprobación definitiva do Regulamento de réxime interior do Centro Ocupacional do CAD do Concello da Pobra do Caramiñal

Aprobado inicialmente polo Pleno deste Concello na sesión ordinaria celebrada o día 24 de setembro de 2009 o Regulamento de Réxime Interior do Centro Ocupacional do CAD do Concello da Pobra do Caramiñal, e sometido a información pública por un período de trinta días mediante anuncio publicado no BOP número 235, de 3 de novembro de 2009, sen que fose presentada durante o citado período alegación algunha, procedese á publicación íntegra do texto normativo a efectos de súa entrada en vigor, unha vez transcorrido o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Regulamento de Réxime Interior do Centro Ocupacional do CAD do Concello da Pobra do Caramiñal

Art. 1: NOME: CENTRO OCUPACIONAL DO CAD

Dirección: R/ Castelao nº 1, 15940. Pobra do Caramiñal. A Coruña.

Teléfono: 981 107 415

Titular: Concello da Pobra do Caramiñal. NIF P-1506800J

Dirección: R/ Gasset nº 28. 15940 Pobra do Caramiñal.

Nº rexistro como entidade prestadora da S.S.: AS-717

Art. 2: Profesionais do Centro:

Director

Pedagogo

Psicólogo

Traballador Social

Educador familiar

Monitores

Fisioterapeuta.

Art 3: Funcións do persoal do centro ocupacional:

3.1 Director

- Asumir a organización funcional do Centro, seguindo as indicacións, criterios e programas do Concello da Pobra do Caramiñal.

Promover a organización e a coordinación das actividades e tarefas encamiñadas o cumprimento dos obxectivos xerais do Centro.

- Aplicar o conxunto das disposicións reguladoras do funcionamento do Centro.

3.2 Pedagogo

- Levar a cabo o Servizo de tratamentos: logopedia, psicomotricidade, apoio escolar...

- Seguimento e avaliación dos proxectos de tratamentos individualizado.

- Facilitar a integración escolar e social dos usuarios/as con discapacidades.

- Apoiar, asesorar e ensinar os pais/nais e a outros membros da familia.

- Apoiar e asesorar tecnicamente ós Centros onde están integrados os usuarios/as

- Establecer vías de coordinación cos servizos sociais, educación e sanidade.

- Participar nas actividades organizadas no Centro.

- Participar na Comisión Técnica de Valoración.

3.3 Psicólogo

- Valorar as potencialidades psíquicas de cada discapacitado e os condicionamentos

do seu entorno familiar e social.

- Adoptar pautas de actuación ante os problemas de conduta.
- Previr situacións de marxinação.
- Coñecer e estudar de maneira continuada as demandas de poboación a atender e os recursos idóneos para a súa satisfacción.
- Prestar apoio psicolóxico a aquelas familias que o requiran.
- Axudar a superar o impacto da discapacidade no neno e na súa familia.
- Avaliar e tratar as situacións de ansiedade, angustia, culpa e stres, dos usuario/as e a súa familia.
- Apoio individual e familiar nos casos en proceso de reintegración social.
- Supervisión e coordinación das programación realizadas nos obradoiros ocupacionais.
- Participar nas actividades organizadas no Centro.
- Participación na Comisión Técnica de Valoración.

3.4 Traballador Social

- Información, asesoramento e orientación dirixida os usuarios/as do Centro e as súas familias.
- Coñecer e estudar de maneira continuada as demandas da poboación e os recursos idóneos para a súa satisfacción.
- Xestión e tramitación das distintas prestacións, subvencións e recursos.
- Validación e posterior realización dos informes sociais na Comisión Técnica de Valoración.
- Colaboración coas traballadoras sociais, dos concellos de onde proceden os casos atendidos.
- Colaboración coa traballadora social do Hospital Comarcal, así como coa do Equipo EVO, que revisa os nenos do Centro.

- Xestión , información e orientación das distintas institucións as que o usuario teña que acudir.
- Situacións especiais: adopción, centros de acollida, conflitos legais, etc.
- Participación nas actividades organizadas polo Centro.
- Coordinación do Voluntariado.

3.5 Educador Familiar

- Intervención coas familias para promover un proceso orientado o desenvolvemento persoal dos seus membros, rehabilitación da convivencia familiar y/e social ou a prevención do seu deterioro.
- A súa labor será mais exhaustiva cando:
 - * existan conflitos entre os seus membros: malos tratos, abandono, etc.
 - * familias onde os menores están en situación de desprotección.
 - * Situacións de obxectiva marxinação: soidade, enfermidades, drogodependencias, etc.
 - * Familias onde os membros, por desinformación ou desmotivación, non manteñen as condicións de salubridade e administración necesaria no fogar.
- Participara nas actividades organizadas polo Centro.
- Participara na Comisión Técnica de Valoración, cando a natureza dos casos así o requiran.

3.6 Fisioterapeuta

- Facilitar o desenvolvemento motor do neno.
- Manter a mobilidade articular e a forza muscular.
- Previr a aparición de complicacións osteoarticulares.
- Vixiar a calidade de sedestación.
- Adestrar no uso de axudas á marcha e cadeira de rodas.

- Participar nas actividades do Centro e na Comisión Técnica de Valoración, cando a natureza dos casos o requiran.

3.7 Monitores

As súas funcións serán as específicas da súa actividade laboral e actuarán con unha coordinación perfecta e diaria cos demais membros do Equipo

Art.4: Servizos que se ofertan no Centro:

- Formación ocupacional, prelaboral e orientada o emprego, para persoas de 16 a 35 anos, que nese momento non poden acceder a un emprego ordinario ou protexido.
- Información, asesoramento e orientación.
- Atención integral de cada beneficiario: logopedia, psicomotricidade, apoio escolar, etc. Atención psicosocial, tanto os usuarios como as súas familias
- Habilitación persoal e social.
- Obradoiros: manualidades, xardinería, informática, barro, etc.
- Prácticas nos distintos departamentos do Concello.
- Contacto e visitas as empresas para a súa futura empregabilidade.
- Cursos de formación.
- Lecer e tempo libre: excursións, teatro, festivais, etc,
- Actividades deportivas.
- Novas tecnoloxías.
- Escolas de país.
- Hidroterapia.
- Habilidades da vida diaria: aseo e hixiene persoal, poñer la mesa, facer camas, curso de cocina, etc.
- Servizo de voluntariado.

Art. 5: Prezos:

- Todos os servizos e actividades que se oferten no CAD, serán totalmente gratuitos para os usuarios/as.

Art.6: Beneficiarios:

- Persoas de 16 a 35 anos, dos Concellos de Ribeira, Pobra do Caramiñal e Boiro que teñan Certificado de minusvalía e que o equipo de valoración considere que se poden beneficiar dalgún dos servizos que oferta o Centro.

Art. 7: Requisitos de admisión:

- Certificado de minusvalía.

- Valoración do Equipo do Centro, o cal despois da súa valoración emitirá un informe positivo ou negativo. En caso de dar un informe positivo, indicará os servizos nos cales terá que ser tratado o usuario/a. Si polo contrario, fose negativo terá que especificar as causas de tal decisión.

- Valoración do equipo do Hospital da Barbanza, ou de outros profesionais que o Equipo de Centro considere imprescindibles, para o mellor coñecemento da discapacidade que se plantexa.

Art. 8: Reserva de praza:

- No caso de hospitalización, enfermidade ou vacacións, reservaráselle a praza polo tempo necesario. Por outras razóns debidamente xustificadas será valorado polo Equipo de Centro.

Art. 9: Causas de baixa no Centro:

- Por vontade do usuario, a cal será pedida por escrito

- Que o Equipo de Valoración do Centro considere que xa non necesita os servizos.

- O cumprir os 35 anos nos obradoiros.

- Por acumulación de 10 faltas sen xustificar.

- Non observar unha conduta inspirada no mutuo respecto, a tolerancia e a colaboración co fin de lograr unha boa convivencia.

- Deterioro grave, causado intencionadamente, das dependencias do Centro, do material, ou dos obxectos e pertencencias doutros usuarios/as ou profesionais.

Art. 10: Réxime interno:

- Os usuarios terán que respectar o horario de entrada e saída das actividades e obradoiros.
- As faltas ós obradoiros terán que ser xustificadas. En caso contrario, ás 10 faltas serán dados de baixa.
- O horario do Centro será, preferentemente de mañá. Os horarios dos servizos irán en función das necesidades dos usuarios e do Centro.
- Formarase unha Comisión Técnica de valoración, composto polos diversos profesionais do Centro, o cal terá que reunirse tódalas semanas para levar un seguimento dos casos e coordinarse nas diversas actividades que oferta o CAD. O final de ditas reunións levantarase acta.

Art. 11: Dereitos dos usuarios:

- Recibir asistencia e orientación sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- A coñecer os obxectivos, contidos e metodoloxía do tratamento a seguir.
- A consideración no trato debido a dignidade da persoa, tanto por parte do persoal do Centro como dos demais usuarios.
- O sixilo profesional acerca dos datos do seu historial, segundo a lei orgánica 15/99 do 13 de decembro de protección de datos.
- A unha asistencia acorde coas súas necesidades específicas.
- A intimidade persoal en función das condicións estruturais do Centro e servizos.
- A que se lle facilite o acceso a atención social, sanitaria, educacional, cultural e, en xeral, a todos os recursos que sexan precisos para conseguir un desenrolo integral.
- A deixar de utilizar os servizos por vontade propia.
- A ser apoiados polo CAD nas iniciativas que se crean oportunas.
- A ser oídos con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra eles; a ser informados dos feitos que dean lugar a tales medidas.

- A asociarse co obxecto de favorecer a súa participación na programación e no desenvolvemento das actividades.

Art. 12: Obrigas do usuario:

- Cumprir as normas sobre a utilización do Centro e servizo.
- Respetar e usar correctamente os bens mobles e as instalacións do Centro.
- Observar unha conduta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración.
- Respetar os horarios previstos para as actividades.
- Colaborar na realización de determinadas tarefas, que sirvan para mellorar a autonomía persoal e a participación na vida do Centro.
- Asistir regularmente ás actividades programadas.
- Seguir as indicacións dos profesionais, para un mellor desenvolvemento dos tratamentos a seguir.
- Facilitar os profesionais toda a información que posúan sobre a discapacidade que se vai a tratar.
- Os menores estarán baixo a responsabilidade das persoas que os acompañen o Centro, hasta a entrada o servizo onde vaian ser atendidos.

Art. 13: Dereitos dos profesionais:

- Ser tratados con corrección por parte dos usuarios/as. Que se respecte a súa integridade e a súa dignidade persoal.
- Ser tratado correctamente por parte do resto do persoal.
- Poder exercer libremente ás funcións específicas da súa profesión.
- Participar nas actividades do Centro.
- Todos aqueles que contén o convenio do persoal do Concello.

Art. 14: Obrigas dos profesionais:

- Cumprir co deber de sigilo e confidencialidade en relación coa información obtida no exercicio das súas funcións.

- Prestar o tratamento técnico propio da finalidade específica de cada servizo.
- Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas culturais, deportivas, educativas, de ocio, etc.. orientadas as persoas con discapacidade.
- Emitir aqueles informes que sexan requiridos polo pais, ou outros profesionais, coa autorización dos pais.
- Cooperar co resto dos compañeiros na programación das actividades.
- Atender correctamente calquera reclamación do usuario e facilitarlle as oportunas aclaración sempre que estean ó seu alcance.
- Coordinarse con todos os profesionais, do ámbito sanitario, educación, servizos sociais, etc. que están a traballar no mesmo caso.
- Aquelas outras derivadas do convenio dos traballadores do Concello.

Art. 15: 0 Centro dispón dun:

- Libro de reclamación a disposición dos usuarios.
- Unha póliza de responsabilidade civil, que garantira a cobertura de indemnizacións ós usuarios e sinistros do edificio.
- Un plan de evacuación, en casos de emerxencia, debidamente sinalado.

En A Pobra do Caramiñal, a 17 de febreiro de 2010

El Alcalde

Fdo. Isaac V. Maceiras Rivas

2010/2817